



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CEDEIRA

Aprobación inicial do Regulamento do Consello Sectorial da Memoria Democrática do Concello de Cedeira

ANUNCIO

O Pleno do Concello de Cedeira, en sesión ordinaria realizada o 25.09.2025, acordou a aprobación inicial do Regulamento do Consello Sectorial da Memoria Democrática do Concello de Cedeira.

De conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días, a contar dende o seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello, co fin de que os interesados poidan examinalo e presentar as reclamacións e suxerencias que estimen oportunas, encontrándose o expediente de manifesto na Secretaría do Concello durante o prazo sinalado. Así mesmo, estará a disposición dos interesados o texto do Regulamento municipal no portal web do Concello (dirección: www.cedeira.gal).

De non presentarse reclamacións durante o citado prazo, o Regulamento considerárase definitivamente aprobado.

Cedeira, 10 de novembro de 2025

O alcalde,

Pablo Diego Moreda Gil

2025/7456